




PAPELÍN PAPELÓN

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2016

PAPELÍN PAPELÓN

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2016




Nun superváter supercaro vive o superheroe

PAPELÍN PAPELÓN,



un rolo de papel hixiénico que protexe a cidade
lanzando papel.

Descubriu os seus superpoderes
un día que un neno foi á ducha e
saíu toda a auga por fóra.





Papelín mollouse, pero
viu que non se destruía.




Entón cortou unha toalla vermella e fixo unha capa e un antifaz e comezou a desprazarse pola cidade empregando o seu túnel secreto:



Lanzaba un


extremo de papel ao váter,

tiraba pola cisterna para impulsar se





polo sumidoiro e saía á rúa.





Unha mañá que estaba a vixiar a cidade, atopou
UNHA BOMBA NA CIDADE DA CULTURA
cun temporizador que poñía que ía estourar en dúas semanas
se non se impedía!






Papelín papelón era un superheroe, pero non sabía nada de desactivar bombas.

Entón chamou a **SUPERTOALLIÑA** para que lle axudase a levar a bomba ao depósito de bombas que estaba nunha galaxia moi distante onde non vivía ninguén:

a galaxia Plutonio!


Ían chegar alí empregando as súas botas propulsoras.






Cando xa estaban collendo impulso para atravesar a estratosfera, alguén os detivo:


un alieníxena azul chamado BLUEXÍN.



Cunha pistola de pompas
atacounos e encerrounos
nunha delas.

Bluexín levounos ao
planeta XXL
e meteunos nunha cela.






Papelín e Toalliña intentaron convencelo para que os liberase, pero Bluexín non cedía.

Entón ensináronlle a bomba por entre os barrotes da cela e asustárono para que os deixase saír. Empezaron a falar:

- Temos unha bomba e pode explotar en calquera momento. — Dixéronlle os dous amigos.
- Moi ben, ceibareivos, pero a cambio dun anaquiño do teu papel.

Papelín deulle o anaquiño de papel e Bluexín liberounos.



En realidade Bluexín era un esbirro da
Doutora XXL, que quería
destruír toda a cultura da Terra.

Con ese anaco de papel ía crear
UN EXÉRCITO DE XIGANTES
que lanzaban raios XXL polos ollos
para acabar con Papelín Papelón,
o seu principal obstáculo.








Papelín e Toalliña, alleos ás artimañas da Doutora XXL, correron depositar a bomba na galaxia Plutonio, porque estaba xa a piques de estoupar.

De volta para a terra, cando estaban a aterrar na Lavacolla, un alieníxena do planeta Luz que se chamaba LUCENTE alertounos de que a Doutora XXL ía facer xigantes malvados co papel que lle deran a Bluexín.





Lucente contoulles como no seu planeta a Doutora XXL acabara coas bibliotecas, coa arte e mesmo coa lingua.

Agora era o planeta da escuridade.

Non podían permitir que fixese o mesmo coa Terra!

Mentres estaban a falar viron a gran nave da malvada Doutora aterrar na Alameda. Correron cara alí para enfrontarse a ela.

Cando chegaron, xa non estaba. Entón lucente tivo unha idea:

— Co meu raio podo facer que estas estatuas revivan e igual elas viron por onde escapou esa malvada.

AS ESTATUAS ERAN AS MARÍAS.


As Mariás, agradecidas por lles devolveren a vida, dixéronlles que a malvada escapara cara á catedral.

Xa na catedral, deron con ela nas catacumbas.

Papelín atacouna co seu superpapel, pero a Doutora XXL protexíase cun cristal no que o papel rebotaba.

Entón lucente lanzou un raio co que conseguiu romper o cristal da Doutora e Papelín e mais Supertoalliña lograron detela.







Pero nese momento
a doutora berrou:


— Xigante, xigantón
atrapoume Papelín
Papelón!

E os xigantes XXL empezaron
a aparecer polo Obradoiro.

Eran moitísimos! Non ía ser
doado acabar con eles.


Pero Supertoalliña saltou aos ollos do xigante
xefe e xa non puido disparar máis raios XXL.

Papelín Papelón aproveitou para quitarlle o
mando a distancia ao xefe
e destruíu con el os xigantes.




Papelín Papelón e Supertoalliña
hoxe están xubilados
e viven felices nalgunha parte do mundo
gozando da luz e da cultura.






**CONCELLO DE
SANTIAGO**

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



contoviaxeiro.santiagodecompostela.org